



BANDO
CRIBADO COVID TRAMO DE
16 AOS 45 ANOS DE IDADE

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Comunico a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo información facilitada polo Sergas hai escasos minutos, os días 17 e 18 de decembro de 2020 farase un cribado de posibles casos asintomáticos de COVID-19 entre a poboación de Santa Comba comprendida entre os 16 e os 45 anos de idade.

Todas as persoas que formen parte dese cribado serán avisadas polo Sergas a través de distintos medios e deberán acudir a súa cita coa tarxeta sanitaria.

Ninguén poderá formar parte dese cribado nin acudir ao Centro de Saúde de Santa Comba a facer a proba do COVID durante eses dous días, sen que fose notificado previamente polo Sergas.

Prégase a toda a cidadanía que cumpran os horarios de citación de maneira estrita, coa finalidade de realizar este dispositivo coa maior organización, precaución e responsabilidade posible.

Santa Comba, 16 de decembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García